

TALLERES DE NADAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

22 - 30 decembro 2025

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Sofía Mediero e Lucía Amoedo

COORDINACIÓN: Virginia Villar



Este Nadal, o CGAC organiza dous talleres dirixidos a nenos e nenas de entre 4 e 9 anos. Trátase dunha actividade lúdica que lles permitirá achegarse á arte contemporánea e experimentar distintas prácticas creativas da man das educadoras Sofía Mediero e Lucía Amoedo.

Coñeceremos o universo de múltiples artistas mergullándonos nas exposicións *Territorio. Videoarte desde Centroamérica, Carlos Pazos. Nicasso e Percepción e incerteza*, que se poden ver no CGAC.

Introduciremos na historia das culturas orixinarias de diversos países centroamericanos e exploraremos aspectos como os seus rituais, as súas tradicións, o seu sentido comunitario ou a súa relación coa natureza. Observaremos tamén os elementos pop da obra de Carlos Pazos e reflexionaremos sobre a maxia que encerra o acto de coleccionar. Que coleccionamos e por que? Ademais, visitaremos unha intrigante instalación que nos convida a aventurarnos máis aló do visible.

En relación con estas mostras, lanzaremos unha batería de propostas creativas adaptadas aos diferentes tramos de idade: traballar con materiais como o azucre para construír esculturas efémeras, crear máscaras con elementos maleables, tomar conciencia do corpo e xogar coas súas posibilidades de transformación e expresión, facer colaxes, resignificar obxectos cotiáns dotándoos de propiedades creativas, buscar o vínculo entre as cores e as emocións inventando a nosa propia cor, privarnos do sentido da vista para percibir o mundo desde o tacto, o olfacto e a confianza nos demais, facer unha cata olfactiva con aromas da nosa contorna ou ver imaxes que se transforman ao movérmolos no espazo para inspirarnos na elaboración de seres híbridos.

Estimularemos as emocións, a imaxinación e a improvisación, de xeito que cada participante descubra o seu propio xeito de mirar, sentir e crear.

AO MEU XEITO

Datas: 22 e 23 de decembro

Horario: de 11:00 h a 12:30 h

Idade: de 4 a 6 anos

Prazas: 15

Prazo de inscrición: do 19 de novembro ao 17 de decembro

Imparte: Sofía Mediero

Esta Navidad, el CGAC organiza dos talleres dirigidos a niños y niñas de entre 4 y 9 años. Se trata de una actividad lúdica que les permitirá acercarse al arte contemporáneo y experimentar distintas prácticas creativas de la mano de las educadoras Sofía Mediero y Lucía Amoedo.

Conoceremos el universo de múltiples artistas sumergiéndonos en las exposiciones *Territorio. Videoarte desde Centroamérica, Carlos Pazos. Nicasso y Percepción e incertidumbre*, que se pueden visitar en el CGAC.

Nos introduciremos en la historia de las culturas originarias de diversos países centroamericanos, explorando aspectos como sus rituales, sus tradiciones, su sentido comunitario o su relación con la naturaleza. Observaremos también los elementos pop de la obra de Carlos Pazos y reflexionaremos sobre la magia que encierra el acto de coleccionar. ¿Qué coleccionamos y por qué? Además, visitaremos una intrigante instalación que nos invita a aventurarnos más allá de lo visible.

En relación con estas exposiciones, propondremos una batería de actividades creativas adaptadas a los diferentes tramos de edad: trabajar con materiales como el azúcar para construir esculturas efímeras, crear máscaras con elementos maleables, tomar conciencia del cuerpo y jugar con sus posibilidades de transformación y expresión, hacer collages, resignificar objetos cotidianos dotándolos de propiedades creativas, buscar el vínculo entre los colores y las emociones inventando nuestro propio color, privarnos del sentido de la vista para percibir el mundo desde el tacto, el olfato y la confianza en los demás, realizar una cata olfativa con aromas de nuestro entorno o ver imágenes que se transforman a medida que nos movemos por el espacio para inspirarnos en la elaboración de seres híbridos.

Estimularemos las emociones, la imaginación y la improvisación procurando que cada participante descubra su propia manera de mirar, sentir y crear.

A MI MANERA

Fechas: 22 y 23 de diciembre

Horario: de 11:00 a 12:30 h

Edad: de 4 a 6 años

Plazas: 15

Plazo de inscripción: del 19 de noviembre al 17 de diciembre

Imparte: Sofía Mediero

NIN CASO!

Datas: 29 e 30 de decembro

Horario: de 11:00 h a 13:00 h

Idade: de 7 a 9 anos

Prazas: 20

Prazo de inscrición: do 19 de novembro ao 22 de decembro

Imparte: Lucía Amoedo

INI CASO!

Fechas: 29 y 30 de diciembre

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Edad: de 7 a 9 años

Plazas: 20

Plazo de inscripción: del 19 de noviembre al 22 de diciembre

Imparte: Lucía Amoedo

INSCRICIÓN

Os talleres son de balde. As solicitudes de inscrición poderán presentarse enviando a inscricionscgac@gmail.com unha mensaxe de correo electrónico. As persoas interesadas deberán indicar os seguintes datos: nome do taller no que desexan inscribirse, nome completo e idade dos nenos e nenas participantes, número de teléfono, enderezo electrónico e nome e número de DNI das persoas autorizadas para recoller os e as menores ao rematar a actividade.

Poderanse inscribir un máximo de dous participantes e cada un deles debe cubrir a súa propia solicitude. As persoas solicitantes recibirán unha mensaxe electrónica de confirmación. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

INSCRIPCIÓN

Los talleres son gratuitos. Las solicitudes de inscripción podrán presentarse enviando a inscricionscgac@gmail.com un correo electrónico. Las personas interesadas deberán indicar los siguientes datos: nombre del taller en el que desean inscribirse, nombre completo y edad de los niños y niñas participantes, número de teléfono, dirección electrónica y nombre y número de DNI de las personas autorizadas a recoger a los y las menores al finalizar la actividad.

Podrá inscribirse a un máximo de dos participantes mediante cada solicitud. Cada una de las personas solicitantes recibirá un mensaje electrónico de confirmación. Las plazas se cubrirán por riguroso orden de inscripción.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703, Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal